

O TEXTO DESCRITIVO



No texto descritivo explícase como é un ser, obxecto, paisaxe ou sentimento. Nel enuméranse as partes que o constitúen, e tamén se expresan as súas características, procesos ou situación no espazo.

As descrições podemos clasificalas atendendo ao xeito de expresar a realidade:

- **Descrición realista ou obxectiva.** Dáse unha visión do que se describe tal como é. Esta é a modalidade utilizada en textos de tipo académico, xurídico-administrativo, ou xornalístico.
- **Descrición non realista ou subxectiva.** Dáse unha visión persoal do que se describe, seleccionando aqueles elementos ou aspectos que son importantes para o emisor. Aparece no discurso literario ou no publicitario.

Ou segundo o tema obxecto de descrição:

- **Prosopografía.** Consiste na descrição dos trazos físicos dunha persoa.
- **Etopeia.** Nel faise unha descrição dos trazos psicolóxicos e morais.
- **Retrato.** Consiste na descrição dos trazos físicos e psicolóxicos
- **Iconografía.** Descrición de imaxes, como poden ser: retratos, estatuas, cadros etc.
- **Descrición topográfica.** Trazos físicos dun lugar.
- **Descrición cronográfica** Descrición dun tempo ou época.
- **Definición.** Texto moi preciso sobre as características dunha realidade

O contexto social en que se desenvolve a comunicación inflúe no uso e características dos textos descritivos producidos. Así podemos atopar os seguintes ámbitos:

- Ámbito académico-científico: libros especializados, dicionarios, enciclopedias...
- Ámbito xornalístico: crónicas, descrições en noticias, reportaxes...
- Ámbito publicitario: anuncios, guías, textos publicitarios en diferentes medios...
- Ámbito xurídico-administrativo: informes, contratos, testamentos, sentenzas...
- Ámbito literario: descrições integradas en contos, novelas, poemas...
- Ámbito familiar: conversas, diarios, cartas, notas...

Nos textos descritivos é abundante o uso de expresións locativas, utilizando adverbios ou frases preposicionais. Hai un uso frecuente de substantivos, para denominar as realidades que se describen, e tamén de adxectivos para referir os seus trazos ou características.

Son frecuentes as construcións comparativas ou adversativas. En xeral, predomina a coordinación sobre a subordinación e o uso de procedementos de cohesión e procedementos de relación léxico-semántica como a sinonimia, antonimia, derivación, hiponimia ou hiperonimia.